

O Roibén, colección de poesía publicada en Madrid

Por **Xavier Frías Conde**

Esta colección, que publica cadernos de poesía desde o ano 1998, vai xa polo número 15 e en breve chegará aos 20 números. Xavier Frías Conde, profesor de Lingüística no C.E.S. Don Bosco na Universidad Complutense de Madrid e director de *O Roibén*, comenta as novidades que apareceron a pasada primavera e avanza os proxectos previstos para o presente ano.

- 08:59 28/02/2002

Durante o último Día das Letras, apresentáronse en Madrid catro novos volumes dos cadernos de poesía da colección *O Roibén*. Nesta ocasión, apresentáronse catro novos cadernos: *A soidade dos números primos*, a primeira obra de Covadonga D'lom, poeta alógrafa de orixe asturiana residente en Madrid. Trátase dun caderno cuxo fio temático é o amor, un amor que remata e cuxo recordo fica fechado e superado, con algúns versos dunha beleza inusitada. A autora, estudante de filoloxía na Universidade Complutense de Madrid, ten moitos trazos comúns coa xeración de mulleres poetas galegas dos noventa, tal que a sensualidade, a intimidade ou a percepción do mundo; porén, ela ten o seu estilo propio, emotivo, sincero e até impactante.

A segunda obra é de Crisanto Veiguela, *A vida sempre e sobretudo*, unha recompilación dos poemas escritos nos anos noventa durante a estadia deste poeta en Madrid, onde toca todos os temas vitais que viveu daquela, como amores pasados, a vivencia da cidade, os momentos de soidade, lembranzas de amigos, etc. Este poeta pertence ao grupo de escritores eonaviegos (orixinario do Eo-Navia, no ultraoccidente de Asturias) e con este poemario fecha unha etapa vital e literaria. É a primeira vez que este autor publica a súa obra en volume individual.

Rafael Yáñez repite publicación con *Lembranzas e olvidos dun estraño*, interesante poemario cheo de sensibilidade. O autor desenvolve un percurso que comeza cos seus sonhos de xove e segue coas lembranzas de Elsa, a súa tía falecida, para rematar nos poemas de amor. Rafael Yáñez ten unha interesante andaina toda feita en Madrid dentro da poesía galega, malia a súa mocidade. Na súa poesía percébase a música, pois non en van el compón.

Carlos Solla deu *Terra raras*, terceira obra deste autor e segunda en *O Roibén*, unha obra que segue a liña anterior deste poeta pontevedrés, que gosta de xogar coa linguaxe até deformala ou transformala, procurando ritmos fónicos interesantísimos, creando palabras novas e amosando unha amplitude de léxico patrimonial galego como poucos autores actuais. O seu poemario é unha caste de viaxe iniciática através da palabra, mais o destino final depende, en boa medida, do leitor.

O propio Xavier Frías publicou *Canto de Nedara*, un poemario que contén poemas en galego e portugués,

con tres partes ben definidas, sendo a segunda a que vai en portugués. A terceira recolle unha serie de cidades europeas, cun profundo sabor de nostalgia.

Para este ano 2002, haberá varias novas entregas de cadernos de *O Roibén*, agora xa definitivamente editados por Arte Tripharia, editora galega en Madrid que dirixe o músico e compositor Rudesindo Soutelo, entre as que cómpre citar *Deshabitada e sen verdugo*, de Verónica Martínez, finalista do Premio Letras de Cal do 2001, e *O ouvido e o calado*, nova entrega da poeta eonaviega Viqui Veiguela, que xa publicou anteriormente na colección. Igualmente, aparecerá pola primeira vez en galego unha antoloxía do poeta novecentista romeno Mihai Eminescu, traducida e antologada por Inma López Rocha. Para finalizar as novidades deste ano, Xavier Frías Conde dará ao prelo un novo poemario, esta vez integramente en portugués, *Axarquía*.

É un feito interesantísimo que moitos dos autores que publican na colección *O Roibén* son estudantes de Filoloxía Románica ou Hispánica da Universidade Complutense de Madrid, que entraron en contacto coa literatura galega mercé a cursaren na maioría dos casos esta materia. Trátase de Susana González, Luis Luna, Oscar Curieses e Covadonga D'lom. Todos eles son madrileños e non teñen vinculación algunha con Galiza.

Esta colección comezou no ano 1998 cun caderno colectivo, *Carreiros*, dedicado a tres poetas eonaviegos. A seguir veu *Comercial*, unha breve antoloxía do chamado Grupo Bilbao de poetas de expresión galega en Madrid, entre os que figuraban Vicente Araguas, Fermín Bouza ou Manuel Pereira. O terceiro caderno foi *Todo morte*, de Manuel Pereira, a segunda obra deste autor natural de A Estrada. A seguinte rolda, xa no ano 1999, foi *Xábregbo* ópera prima de Carlos Solla e mais *Xeitos de falar*, a primeira antoloxía bilingüe galego-asturiana de poetas do Principado, onde colaboraron Berta Piñán, Humberto González e Alfonso Velázquez. Xa no ano 2000 publicáronse cinco volumes: *Azul e terra*, de Xavier Frías; *Simbiose*, libro con dúas partes, sendo as autoras Susana González, poeta alóglota, e Viqui Veiguela, eonaviega, de que xa falamos enriba; *Hidroemas*, libro escrito por Luis M. Luna e Óscar Curieses, ambos deles tamén poetas alógrafos, onde este caderno foi o primeiro dunha serie de cinco; *Alquimia soñada*, de Xosé Galán; e, finalmente, *Onte chovía* de Rafael Yáñez.

O Roibén pódese conseguir através do editor, [Artetripharia](#).

Dirección: Xavier Frías Conde

Consello editorial: Vicente Araguas, Fermín Bouza Álvarez, Manuel Pereira, Ana Acuña

Colección de poesía O Roibén.

Madrid: Artetripharia.